



Comunicado nº 067/18
23 de maio de 2018

□ CONVENIO COA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.

A Federación Galega de Automobilismo asinará un convenio coa Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza (Academia Galega de Seguridade Pública) coa intención de poder realizar cursos de formación de xeito periódico, nunhas instalacións axeitadas, na “AGASP”.

Dende a Federación Galega de Automobilismo pretendemos formar ó persoal de rescate, contando co apoio da Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia, dirixida por Don Luis Menor, como referente en formación en materia de emerxencias na nosa Comunidade.

A boa dotación dos catro vehículos de rescate, propiedade da Federación Galega de Automobilismo, precisa dunha formación axeitada en rescate vehicular para poder acometer unha intervención deste tipo con garantías.

Os vehículos de rescate de Galicia levan unha dotación dun piloto rescatador, un médico/a e enfermeiro/a con cursillo de actuacións extra hospitalarias.

Para colaborar no cursillo dispónse de dous bombeiros do servizo de emerxencias, con ampla experiencia na materia de rescate, e con Don David Vázquez Liste (Subcampión de España de rallyes de Asfalto na tempada 2013, Campión de rallyes nas tempadas 2016 e 2017 de Galicia, e traballador do Servizo de Emerxencias do Concello de A Estrada) ofreceuse, como coñecedor en materia de rescate, pola laboura que desempeña no seu ámbito da competición, para colaborar na formación do persoal.

Para facer o cursillo se disporá de:

- Unha aula para desenvolvemento da parte teórica da formación.
- Unha zona da instalación para a realización da parte práctica.
- Tres vehículos de desguace para realizalas prácticas de excarceración.
- O camión do Servizo de Emerxencias de A Estrada, que habitualmente se utiliza nos cursos da AGASP, para adecuar as actuacións nos nosos vehículos de rescate.

Para inscribirse en fga@fga.es:

	ESCUDEIRÍA / PROBA	OFICIAL / CARGO
NOME		
APELIDO 1º		
APELIDO 2º		
D.N.I. - N.I.F.:		
TELEFONO		
LICENCIA	EC- -GA	____ - -GA
CARGO QUE DESEÑOLA NA PROBA	PROBA:	CARGO:

A proposta da Escudería _____.

